

INFORME XUSTIFICATIVO DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO OBXECTO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO CON INSTALACIÓN DENOMINADO “SINALIZACIÓN SEMAFÓRICA INTERSECCIÓN DOUTOR TOURÓN, FARIÑA FERREÑO E ALEJANDRO CERECEDO”.

A correcta execución das prestacións comprendidas no obxecto do contrato implica a necesidade de coordinar a execución das mesmas, e isto veríase dificultado si se contrata cada unha das prestacións de xeito independente, xa que a regulación semafórica a instalar consta de 7 semáforos que deben estar interconectados e sincronizados entre si, polo que o axeitado é que todos os semáforos a instalar sexan iguais. Doutra banda, os traballos de instalación realizaranse nun cruce de rúas, coa conseguinte necesidade de cortar un carril de circulación en cada unha das rúas afectadas mentres se executan as canalizacións correspondentes, polo que o feito de que ditas tarefas foran realizadas por varias empresas, dificultaría moito a execución e entorpecería gravemente o tráfico.

Polo exposto, non se considera axeitada a división do obxecto do contrato en lotes para a súa realización independente.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

Asdo.: Ramón Caldas Ferro  
Xefe do Servizo de Electricidade